

A RAPAZA DO 14 DE XULLO

Título orixinal *La fille du 14 juillet* **Dirección e guión** Antonin Peretjatko **Ano** 2013
Duración 80 min. **Fotografía** Simon Roca **Son** Julien Brossier, Julien Roiget, Martial De Roffignac **Dirección de produción** Paul Sergent e Mathilde Delaunay **Axudantes de dirección** Luc Catania e Guilhem Amesland **Dirección artística** Erwan Le Gal
Casting Valérie Pangrazzi **Montaxe** Carole Le Page e Antonin Peretjatko **Reparto** Vimala Pons, Grégoire Tachnakian, Vincent Macaigne, Marie-Lorna Vaconsin, Thomas Schmitt, Serge Trinquécoste **Posproducción** Yannig Willmann **Distribuidora** CineBinario Films **Con** Zumzeig **Distribución** **Sinopse** Antonin Peretjatko debuta con esta premiada, histriónica e bastante absurda sátira social que, ao xeito dunha *road movie*, réndelle homenaxe ao Godard de *Week End* (1967). A acción transcorre nos nosos días, cando o Goberno francés decide reducir a tempada de vacacións para lle facer fronte á crise. É entón cando Héctor, no medio do caos que invade o país, vai á procura de Truquette, unha vendedora de *souvenirs* da que namorou. Caos e tolemia na estrada para atopar o que pode que sexa o amor da súa vida...
Premios César 2013 (nominado a Mellor Ópera Prima e a Mellor Actor Revelación) **Quincena dos Realizadores de Cannes 2013** (longametraxe en concurso)

XUÑO 2017

Martes 13 Aquel querido mes de agosto | Aquele querido mês de agosto

Miguel Gomes, 2008, 150 min.

TODAS AS SESIÓNS EN VOS, ÁS 20:30 h NO TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

O Cineclub Pontevedra é unha asociación sen ánimo de lucro cuxo funcionamento e financiamento depende fundamentalmente das achegas económicas que realizan periodicamente as súas socias e socios.

As persoas socias poden escoller entre tres tipos de cotas:

Anual (60 euros);

Trimestral (18 euros);

Prorrogada en cada sesión (2 euros).

<https://www.facebook.com/cineclubepontevedra>

<http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es>

**A RAPAZA DO 14 DE XULLO**

Antonin Peretjatko, 2013

80 min., VOSE

Na súa ópera prima, A rapaza do 14 de xullo, Antonin Peretjatko leva a sátira ata o extremo. Situacións absurdas e personaxes pintorescos que fan burla da situación actual que padece o mundo, mais sobre todo Francia. O realizador coidou cada detalle do seu filme, aínda que pareza o contrario. A continuación fálanos sobre o seu traballo.

De onde veu a idea e por que ese ton tan satírico? Coido que é máis doado facer reflexionar ao público por medio da risa. É certo que hai moitas longametraxes europeas sobre a crise que son dramas, pero eu tiña ganas de falar sobre a crise doutro xeito.

Á parte da crise, querías facer unha crítica de Francia? Desde logo. Hoxe en día, Francia non sabe en que dirección ir. Hai moita tensión entre a xente, e reflíctoo dun xeito burlesco no filme. Por exemplo, cando a xente saca as escopetas e se disparan. Semella un delirio, mais son cousas que atopas nas noticias diarias do país. Por exemplo, hai un ano un home disparoulle á xente diante da catedral de Notre-Dame, a semana pasada unha muller matou a coiteladas a outra na súa propia clase. Paréceme completamente absurdo. Por outra banda, filmando cousas que semellan surrealistas, denúnciase mellor a realidade.

Como lles definirías o teu filme a aquelas persoas que dubidan se ir velo ou non? Diríalles que é unha comedia sobre as ideas da nosa sociedade. É a historia de cinco persoas que sitúan o ideal amoroso por enriba dos problemas económicos. É certo que o filme provoca opinións moi dispares: pódete encantar ou podes odialo. Mais non é a miña vontade dividir á xente. Non creei provocacións para provocar discusións, e non é un filme militante porque en ningún momento busco convencer sobre unha idea: expoño un punto de vista sobre o mundo, o público pode compartilo ou non.

A idea do amor no filme é bastante peculiar, que querías transmitir con ela? É a procura do ideal amoroso, e é verdade que os personaxes pasan por moitas aventuras para chegar ao devandito ideal: ao final, non é a praia o que importa, senón o horizonte. Cando dean con el, van atoparlle verdadeiramente sentido á súa vida? A resposta é non. Sempre hai un punto de vista sobre o horizonte. Efectivamente, hai unha escena que podería resumir esa procura, cando ao final os personaxes queiman o libro de sedución e o fume crea unha néboa entre a multitude. Como xa non hai libro, a xente non sabe como actuar e atópase perdida. Para min, é unha compoñente da vida: cando ti procuras o amor, estás nun neboeiro constante, e procuras e procuras... e de socato chocas con alguén. Por iso a bruma está aí.

Dá a sensación de que hai moita improvisación na actuación, como traballaches coas actrices e actores? Hai moi pouca improvisación, e todo o traballo dos ensaios, xustamente, estaba enfocado en dar a sensación de que si a había. É moi complexo

improvisar dentro do humor visual, porque pide moita preparación para os *atrezzo*s e os ángulos de cámara. Por exemplo, hai varios planos no filme nos que todas as persoas que actúan se moven dentro do cadro. Isto require moito ensaio para que non se tapen entre si. Hai improvisación, por exemplo, na escena da estatua, na que a actriz, Vimala Pons, leva o vestido azul. Foi ela quen propuxo quitalo, para estar coma a estatua. Como funcionaba co texto, díxenlle que si. Vincent Macaigne tamén propuxo cambios, pero con algúns non me quedei porque non cadraban co texto ou coa idea do filme. Se queres improvisar durante a rodaxe, tes que pensar previamente no filme durante moito tempo. Ás veces a idea é inimiga do pensamento. Podes ter ideas moi boas á hora de rodar e que vaian en contra do filme. Se ensaías durante moito tempo, pode ser que xurdan novas ideas, pero como era unha cinta de baixo presuposto, na rodaxe xa era tarde de máis para novas ideas: custa cartos, quizais non rematas as secuencias... Pódese resumir en que a improvisación non se improvisa.

Desde o comezo querías facer unha *road movie*? Desde o comezo. Era moi importante para min que o coche fose un personaxe máis. Gústame a idea de que a *road movie* permite provocar varios encontros, pero é tamén un punto de partida para evolucionar a outro de chegada. Tamén en Francia é moi común atravesar o país en coche nas vacacións, pensei que era unha boa forma de contar o que é o país. Tamén era importante que o coche fose un Mercedes, que comeza como modelo de clase media-alta e remata sendo o coche duns estudantes. Gustábame un automóbil que puidese conter todas as clases sociais. É un modelo dos oitenta, é moi práctico cando fas un filme e pos un coche peculiar, porque cando fas un plano aberto, axiña o espectador se vai fixar nel. Xa escollera para unha curta un modelo moi común, pero foi unha mala idea: desaparecía entre o tráfico e non correspondía para un personaxe que debía resaltar. Os personaxes aquí teñen que distinguirse doutros elementos da sociedade, porque para min son personaxes que evolúen nun mundo que eles mesmos non comprenden.

É a túa ópera prima, pensas continuar nesta liña? Creo que para o próximo filme si, seguramente, porque ten como temática a Güiana Francesa e as leis europeas. Como é unha rexión francesa hai que aplicar as normas europeas aínda que estean en América do Sur. É algo absurdo, porque as normas europeas están feitas para Europa e, por exemplo, as construcións non resisten o clima da xungla. Tamén vai ser unha comedia política.

Texto tirado de <http://lanocheamericana.net/entrevistas/antonin-peretjatko-es-mas-facil-de-hacer-reflexionar-al-espectador-cuando-le-haces-reir.html>